# O MEU SAMAÍN



# COMO COMEZOU?

O Samaín é unha festa tradicional de orixe celta que se celebra o 31 de outubro. Antigamente, os celtas celebraban o final da colleita e o comezo do inverno. Para eles, esta era unha noite especial porque crían que os espíritos dos defuntos volvían ao mundo dos vivos.

Nesa noite, críase que a liña entre o mundo dos vivos e o máis alá facíase moi fina, permitindo que as ánimas, ou espíritos dos defuntos, regresasen.

. Para evitar que estes espíritos fixeran maldades, as persoas disfrazábanse de bruxas ou outros seres terroríficos, coa esperanza de asustalos.



# CALACÚS

Unha das tradicións máis populares do Samaín é a de facer calacús. .Nas aldeas galegas, baleiraban nabos ou cabazas, facíanlles caras e metíanlles dentro candeas, para afastar os malos espíritos.. Isto é o que coñecemos hoxe como calacús. Estas cabazas baleiradas e iluminadas con candeas simbolizaban luces para guiar as ánimas ou para afastar os espíritos malos que viñan do máis alá.

En moitas aldeas galegas, tamén se contaban historias de medo e celebrábanse rituais para lembrar aos defuntos e protexerse das bruxas, que nesa noite tiñan máis poder.



Aínda que hoxe o Samaín mestúrase co Halloween, en Galicia aínda se celebran moitas destas tradicións, honrando tanto ás ánimas como aos seres máxicos e terroríficos que forman parte da nosa cultura.



*Que crían os celtas que sucedía na noite do Samaín?*

*Por que a xente se disfrazaba durante o Samaín?*

*Que obxectos baleiraban e iluminaban coa luz de candeas para afastar os espíritos?*

*Que función tiñan as luces das cabazas no Samaín?*

*Que facían nas aldeas galegas para lembrar aos defuntos?*